LOCURA PRIMAVERAL

Partido da 13ª xornada do Torneo AFACO biberón de fútbol – 8 disputado na mañá do sábado no campo de Prados Vellos en Ares ante numerosos espectadores.

Prados Vellos 4 de maio do 2013.

NUMANCIA: Isma, Dani, Sergio, Lucas, Ángel, Raúl, Iker, Mateo, Xerar, Aketx, Mario Carballo, Marcos e Papa Omar.

Chegou o calor e o sol a Ferrolterra, e como xa sabemos “la primavera la sangre altera”. Moito mais nuns nenos de 5-6 anos que si xa habitualmente son inquietos e imparables e que o son moito mais nesta época do ano. Iso notouse durante a semana onde o cambio do tempo fixo enfermar a algúns compoñentes do equipo e tamén alterou o sistema nervioso de moitos deles; para ben e para mal.

Centrándonos no partido do pasado sábado, xogaron numantinos e nedenses un bo partido con bo ritmo, alternativas e boas xogadas por parte de ambos equipos. Nos últimos dous cuarto do partido o Numancia aproveitou o seu habitual fondo de armario para chegar mais fresco o final do partido; combatindo así o calor que facía mella nos pequenos xogadores de ambos equipos.

En resumo, un partido que serviu para seguir progresando e para sorprendernos gratamente cos avances dalgúns dos pequenos futbolistas ós que parece que lle senta moi ben ó sol; polo menos en canto ó fútbol. Partido que serviu tamén para ver o debut no Torneo AFACO do xogador senegalés de primeiro ano biberón do Numancia, Papa Omar; sendo xa 18 nenos

biberóns numantinos os que participaron neste Torneo AFACO. Dato importante.

Felicitar ós dous equipos polo gran partido realizado e a Aitor (pai de Dani) pola arbitraxe.
Mención especial este fin de semana para o equipo prebenxamín do Numancia que sumou ó seu título de liga unha magnífica participación na Copa Delegación de Ferrol en Cedeira chegando a semifinales de Copa. Un equipo prebenxamín con colaboración biberón xa que participan habitualmente os biberóns Xerar e Hugo; ademais dos biberóns do ano pasado Juan, David, Brais e Axel. Eles e os seus compañeiros de último ano son un exemplo de que con traballo e ilusión se consiguen grandes logros; xa non en canto a resultados senón en canto a novas emocións vividas e en canto a progresos obtidos. ¡¡¡Noraboa campións¡¡¡

Emocións e novas sensacións son as que vivirán os nosos biberóns numantinos o próximo fin de semana no campo de A Pedreira no derbi biberón entre o Galicia de Mugardos e o Numancia. Último derbi biberón nesta etapa do Torneo AFACO. ¡¡¡Non debe faltar ninguén¡¡

¡¡¡A seguir disfrutando¡¡¡

NINGUNA MEDALLA VALE LA SALUD DE UN NIÑO

¡¡¡AUPA NUMANCIA¡¡¡